Grammar

VERBOS MODAIS, PARTE I (MODALS)

Os verbos modais funcionan como verbos auxiliares dos verbos léxicos, modificando o seu significado para engadir un matiz de obriga, necesidade, prohibición, habilidade, posibilidade, permiso, etc. Nesta unidade vanse repasar os seguintes: MUST, NEED, HAVE TO, CAN, COULD, MAY, e MIGHT

As características comúns de todos eles son as seguintes:

■ Teñen unha **forma verbal invariable** para todas as persoas.

I can/ she can/ he can

I must/ she must/ he must

■ Van **seguidos de infinitivo sen 'TO'** agás nos modais 'have to', 'ought to" e 'used to' nos que o 'to' forma parte do modal.

I can go I have to go

I must go I ought to go

■ Forman a **negativa engadindo 'NOT' ao verbo**, salvo 'HAVE TO' que o fai con auxiliares (do, does).

I cannot go/ I can't go *(Non pode escribirse separado: can not)

I must not go/ I mustn't go

I do not have to go / I don't have to go

■ Forman a **interrogativa por inversión do suxeito e do verbo**, salvo "HAVE TO" que o fai cos auxiliares (do, does).

I can go/ Can I go?

I must go/ Must I go?

I have to go/ Do I have to go?

Grammar

MUST / MUSTN 'T

O contraste entre a forma afirmativa e negativa de 'MUST' radica en que o primeiro pode expresar obriga ou certeza firme, mentres que o segundo indica prohibición. A súa tradución é: DEBER.

OBRIGA:	You **must** study harder →→ Debes estudar máis
CERTEZA FIRME:	She **must** be out because she doesn't answer the phone →→ Debe estar fóra porque non contesta ao teléfono
PROHIBICIÓN:	You **mustn't** eat in class →→ Non debes comer na clase

NEED/ NEEDN 'T

En afirmativa expresa necesidade e en negativa ausencia de obriga. Tradúcense por: SER NECESARIO

NECESIDADE :

Need we go shopping now? → É necesario que vaiamos de compras agora?

AUSENCIA DE OBRIGA:

You **needn't** come back so soon → Non é necesario que regreses tan pronto

HAVE TO / DON 'T HAVE TO

En afirmativa expresa obriga e en negativa ausencia de obriga. A súa tradución é: TER QUE.

OBRIGA:	It's getting late. You **have to** go now →→ Estase facendo tarde.Teste que ir agora
AUSENCIA DE OBRIGA:	They **don't have to** come to work tomorrow →→ Eles non teñen que vir traballar mañá

Grammar

CAN/ CAN 'T

'CAN' pode indicar habilidade e permiso. 'CAN'T' indica falta de habilidade, impo- sibilidade e dedución. A súa tradución é PODER.

HABILIDADE :	I **can** speak several languages →→→ Sei (podo)falar varios idiomas.
PERMISO:	Dad, **can** I go to the disco? →→→ Papá, podo ir á discoteca?
FALTA DE HAB.:	I **can't** play the piano →→ Non sei tocar o piano.
IMPOSIBILIDADE:	I **can't** go on holidays with you →→→ Non podo ir contigo de vacacións.
DEDUCIÓN:	She **can't** be pregnant. She is over 50 →→→ Non pode estar embarazada. Ten máis de 50 anos.

CAN/ BE ABLE TO/ COULD

Cando expresan habilidade, o contraste entre estas tres formas provén do uso de 'CAN' para o presente ou o futuro, e o uso de 'COULD' para o pasado. 'BE ABLE TO" úsase como forma perifrástica para completar os tempos verbais que non sexan presente ou pasado simple.

HABILIDADE EN PRES. Ou FUT. :	I **can** help him tomorrow →→→ Pódoo axudar mañá
HABILIDADE EN PASADO:	I **could** help him yesterday →→→ Puidenlle axudar onte
HABILIDADE NOUTROS TEMPOS:	I **haven't been able to** help him yet →→→ Non lle puiden axudar aínda

Grammar

MAY /MIGHT

'MAY' pode expresar posibilidade e permiso. Tradúcese por: “PODE QUE”, e por “PODER” dependendo do uso.

POSIBILIDADE: It **may** snow tomorrow →→ Pode que mañá neve.

PERMISO: You **may** go for a walk now if you wish →→

Agora podes saír a pasear se o desexas.

'MIGHT' expresa basicamente posibilidade. A diferenza entre 'MIGHT' e 'MAY' ao expresar esta idea é que o primeiro indica posibilidade máis remota que o segundo. Este matiz recóllese traducindo 'MIGHT' como 'PUIDESE SER QUE' e 'MAY' como 'PODE QUE'.

*Nota: as súas formas negativas son: MAY NOT/ MIGHT NOT

POSIBILIDADE: It **may** rain tomorrow →→Pode que mañá chova.

POSIBILIDADE REMOTA: It **might** rain tomorrow →→Puidese ser que mañá chovese.

Grammar

CAN/ COULD/ MAY

Cando os tres expresan permiso, o contraste provén do uso máis coloquial de 'CAN' fronte a un 'COULD' máis cortés e a 'MAY' que resulta o máis formal na escala.

PERMISO (coloquial): (a un amigo ou familiar)	**Can** I come in?	→→	Podo entrar?
PERMISO (cortés): (a un descoñecido, mostrando respecto)	**Could** I come in?	→→	Podería entrar?
PERMISO (formal): (respecto máximo)	**May** I come in?	→→	Podería entrar?

Working with words

-ING & -ED ADJECTIVES

As veces hai problemas en distinguir o significado dos adxectivos que se forman con ' **-ing**' dos que se forman con '**-ed**'. A maioría deles refírense a estados emocionais. O que ocasiona o estado é o elemento activo e fórmase con '**- ing**', o que recibe ou padece o devandito estado é o elemento pasivo e fórmase con '**-ed**'.

A bor**ing** filme → Unha película aburrida (ela aburre)
A bor**ed** audience → Un público aburrido (pola película)

-ing adjetives

1. It applies to people animals or things that cause the emotional state.
2. Its role is active
3. It has an active ending: **-ing**

-ed adjetives

1. It applies to people or animals that receive the emotional state.
2. Its role is passive.
3. It has a passive ending: **-ed**

ACTIVE ELEMENT	EMOTIONAL STATE	PASSIVE ELEMENT
AMAZING	AMAZEMENT	AMAZED
AMUSING	AMUSEMENT	AMUSED
CONFUSING	CONFUSION	CONFUSED
EMBARRASSING	EMBARRASSMENT	EMBARRASSED
EXCITING	EXCITEMENT	EXCITED
INTERESTING	INTEREST	INTERESTED
SURPRISING	SURPRISE	SURPRISED
TERRIFYING	TERROR	TERRIFIED
TIRING	TIREDNESS	TIRED

Writing: A blank verse poem

Escribir poesía é unha actividade complexa que non todo o mundo sabe facer ben. Nesta sección vanse facilitar algunhas indicacións para crear un poema. Ao tratarse dun poema en verso branco (sen rima) non debes preocuparte polos finais de cada verso.

1) Pensa no tema principal do teu poema. Intenta que sexa un tema de carácter xeral: LOVE, WINTER, WAR, SCHOOL, HAPPINESS, SUMMER, HOLIDAYS, PETS, DEATH, etc.

2) Ponte a pensar en termos relacionados co tópico elixido e anótaos nunha árbore de conceptos como o que aquí che suxerimos.



3) Empeza a unir eses conceptos do modo seguinte:

- Modifica os nomes cos adxectivos elixidos.
- Modifica os adxectivos cos adverbios elixidos.
- Modifica os verbos con complementos adverbiais.
- Utiliza os verbos para crear frases curtas.

4) Fai definicións do tipo: "X is Y"

5) Contrasta sentimentos actuais con sensacións pasadas: "Now I feel...", "Yesterday I was.. "

6) Elixe un título para o poema.



A SAD AUTUMN WITHOUT YOU

This is a sad and lonely autumn
The leaves fall desperately
The clouds cry cold rain
The wind blows upset
We all miss you so much!
Please come back!

EXEMPLO DE POEMA

Trátase dun poema de Tim Burton de temática inxenua e infantil no que se poden apreciar algunhas das indicacións suxeridas (uso de verbos con frases cortas, definicións tipo “X is Y”, contraste de sentimentos…)

Staring Girl

I once knew a girl
who would just stand there and stare.
At anyone or anything,
she seemed not to care

She'd stare at the ground,
She'd stare at the sky.
She'd stare at you for hours,
and you'd never know why.

But after winning the local staring contest,
she finally gave her eyes
a well-deserved rest.

Vocabulary

Alien: extraterrestre
Bedside: cabeceira
Buggy: todoterreo
Chat (-ed): charlar
Check-up: revisión médica
Clone (-ed): reproducir asexuadamente, clonar
Clue: pista
Development: desenvolvemento
Disease: enfermidade
Drug: fármaco, medicamento, droga
Effortlessly: sen esforzo
Enable (-ed): permitir, facer posible
Encourage (-ed): animar, alentar
Endless: interminable
Facet: faceta
Fingertip: xema do dedo
Free (-ed): liberar
Giant: xigante
Go on strike: ir de folga
Highway: autoestrada
Improvement: mellora
Launch (-ed): lanzar (proxectil, …)
Leisure: ocio
Permeate (-ed):penetrar, impregnar de algo
Point out (-ed): sinalar
Regard (-ed): considerar
Research (-ed): investigar
Rewarding: gratificante
Shuttle: lanzadeira espacial
State-of-the-art: o último
Stem-cell: celula nai
Step: paso
Survey: enquisa, medición, recensión
Task: tarefa
Top-notch: de primeirísima categoría
Unheard of: inaudito
Unmanned: sen persoa
Up-to-da te: á última
Vaccine: vacina
Venture: operación, incursión, empresa
Vestige: vestixio
Weightlessness: ingravidez
Wheeled: con rodas

Pronunciation

Formas débiles (Weak forms)

⌘O termo refírese á forma de pronunciar certos verbos cando aparecen nunha posición na que non cae o golpe de voz. Nos seguintes exemplos 'can' ten dúas pronunciacións. No primeiro caso a súa pronunciación é débil. No segundo é forte xa que aparece en posición tónica (o golpe de voz cae sobre o verbo).

➔ Can you help me? (Forma débil: [kcn])

➔ Of course I can (Forma forte: [kæn])

⌘Para que o teu inglés soe máis natural has de coñecer a forma débil do seguinte grupo de verbos.

	Débil		Forte	
Was	/**wəz**/	Was she there?	/**wɒz**/	Yes, she was
Were	/**wə**/	Were you there?	/**w3:r**/	Yes,we were
Have	/**v**/; /**əv**/	I've been there - You should have told me	/**hæv**/	Yes, I have
Has	/**z**/; /**əz**/	He's been there - George has accepted	/**hæz**/	Yes, he has
Do	/d**ə**/	How do you know?	/d**u:**/	Yes, I do
Does	/d**ə**z/	What does it mean?	/**d ʌz**/	Yes, it does
Can	/k**ən**/	Can you help me?	/**kæn**/	Yes, I can
Must	/m**ə**st/	You must answer it	/mʌst/	Yes, I must

Estes verbos adóitanse pronunciar de forma débil a excepción de cando acontecen en posición final nas respostas curtas ou cando se utilizan como verbos léxicos (non auxiliares).

➔ Posición final: Yes, I have /**hæv**/

➔ Verbo léxico: I'll have /**hæv**/ some tea

FAQ: cal é a diferenza no uso de "must" e "have to"?

Ambas formas úsanse para expresar obligación pero o seu significado é un pouco diferente.

MUST úsase para expresar obligacións que o falante sinte como necesarias. Por exemplo, cando Paul di: "you must try it" (=debes intentalo) ou "we must do this again"(= debemos facer isto outra vez) está a expresar o seu punto de vista persoal sobre o que é necesario.

HAVE TO úsase para expresar obligacións que proceden dunha fonte externa:outra persoa ou unha organización elaborou a norma que se debe seguir. Asi que, se Alice di: "I have to work a night shift next weekend" (=teño que facer un turno de noite no traballo o fin de semana que ven) está expresando unha obriga dada polo seu xefe ou que as propias características do seu traballo esixen

Formas negativas

Don't have to significa ausencia de obligación, aínda que poida ser posible

- You **don't have to** come, but you can if you want to. (Non tes que vir, pero se queres podes)
- We **don't have to** leave today. (Non temos que marchar hoxe)

Must not significa prohibición

- You **must not** push the red button. (Non pulsar o botón roxo)
- We mustn't be late. (Non debemos chegar tarde)

OLLO!!!!
Must non ten forma do pasado, temos que usar **had to** para o pasado.

FAQ: Os adxectivos acabados en "*–ed*" ou "*–ing*" van sempre con formas do verbo "to be"?

As dúas formas poden ir despois de *BE*:

BE + V-ing (progressive) V-ed (passive)	He was	**boring** (his friends). (El aburríaos a eles.) **bored** (by his friends). (Aburríase cos seus amigos.)

Ou poden modificar a un nome:

He was a	**boring** person (É unha persoa que aburre aos demáis) **bored** person (É un aburrido)

As dúas formas tamén poden ir despois de certos verbos como *FEEL, LOOK, SOUND, SEEM* (Fíxate que se trata de verbos que funcionan como **atributivos**)

EXEMPLOS

-ed adjectives: example sentences
I'm not **interested** in football. We **were** all **surprised** when they got married. He **was shocked** at the news. The lecture made me **feel** really **bored.** She **felt** very **disappointed** with her exam results. The children **looked** very **tired** when they got back from the trip.

-ing adjectives: example sentences
I don't think football **is** a very **interesting** game. Their marriage **was** very **surprising**. They thought the news **was shocking**. I'm not going to that lecture: it **sounds** really **boring.** Her exam results **seemed** disappointing, but the university accepted her anyway. The trip **looks** very **tiring**. We'd better go to be early tonight.

FAQ: Cal é a diferencia entre usar "during" ou "for"?

For: refírese á duración dun período de tempo (Contesta a preguntas con HOW LONG …? sen indicar en que momento se localiza ese período de tempo). **Vai seguido dun número ou expresión (cantidade) de tempo**

"I've been sick for three days" →→→ *"Levo tres días enfermo"*
"I'll stay for several months" →→→ *"Quedarei varios meses"*

During: refírese a un momento, ocasión, actividade ou evento dentro dun período de tempo (Contesta a preguntas con WHEN …?). **Vai seguido dun substantivo relacionado cun período de tempo** (NON dun número ou expresión de tempo)

"I will go there during my vacation" →→→ *"Irei alí durante as vacacións"*
"They're very busy during sales season" →→→ *"Eles están moi ocupados durante a temporada de rebaixas"*

Dúas aclaracións sobre "**during"**

- Moitas veces aparece en estruturas que conlevan dúas accións:
  "During the picnic, it rained" →→→ *"Durante o picnic, choveu"*
- Pode aparecer cun número se queremos enfatizar precisamente a duración, o paso do tempo mesmo.
  "During the whole five hours of the concert, we never stopped cheering" →→
  "Durante as cinco horas enteiras do concerto, non paramos de animar"